



**Estimado pai/nai titor/a legal:**

Pola presente comunícaselle que, segundo instrución 2/2021 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos **comedores escolares** de xestión directa no curso escolar 2021/22, para facer uso deste servizo, os interesados/as deberán cubrir e presentar no Centro os impresos adxuntos (**Solicitud de comedor e Anexo II**).

Para coñecer se son beneficiarios de bonificación para comedor, ou non, hai que ter en conta o **exercicio fiscal 2020**.

**A solicitude e o Anexo II deben entregalo no Centro ou envialo por correo electrónico antes do día 6 de xullo.**

**Concepto de unidade familiar**

É o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas.

Aos efectos do IRPF, existen dúas modalidades de unidade familiar:

1.- No caso de matrimonio:

A unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente e se os houber:

- a) Os fillos menores, con excepción dos que, con consentimento dos pais, vivan independentemente destes.
- b) Os fillos maiores de idade incapacitados **xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.**

**Hai que ter en conta que a maioría de idade acádase ao cumprir 18 anos. Polo tanto os fillos maiores desta idade (salvo que teñan algunha incapacidade) non forman parte da unidade familiar, non os poden contabilizar.**

2.- En ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal:

A unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior ( os supostos a) ou b) do apartado 1).

O número de membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente o día **31 de decembro de cada ano, neste caso do 2020**. Polo tanto, se un fillo cumprira 18 anos durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar nese período impositivo.

Nas parellas de feito só un dos seus membros (pai ou nai) poden formar unidade familiar cos fillos que reúnan os requisitos anteriormente comentados , os supostos a) ou b) do apartado 1. O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida.

**A renda neta per cápita familiar** obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do **exercicio 2020**:

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

|   |
|---|
| <b>casiña 435 + casiña 460 – casiña 595</b> |
|---|

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

### **Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar**

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF.

Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente - que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración.

Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da unidade familiar que non presentou declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casiñas correspondentes a (retribucións dinerarias) e (intereses) e restar os importes das casiñas correspondentes a (cotizacións seguridade social), (retencións procedentes do traballo) e (retencións procedentes do capital mobiliario).

- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan a obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación do IRPF.

Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentasen declaración do IRPF.

A Fonsagrada 28 de xuño do 2021

A directora